

# A TRABE DE OURO 118

*PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMIENTO CRÍTICO*

## DIRECTOR

Xosé Luís Méndez Ferrín

—

## SECRETARÍA DE REDACCIÓN

Rosa López Fernández

Francisco Fernández Rei

—

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Miguel A. Seixas / Francisco Sampedro

Antón Figueroa / Marcial Gondar Portasany

Xavier Vence / Darío Xohán Cabana

Manuel Outeiriño / X. M. Salgado

X. Antón L. Dobao

—

## PROXECTO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

Daniel Pino

—

## MAQUETACIÓN

Andrea López

—

## EDITA

Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S.A.

Presidenta: Ana Fernández Puentes

Conselleiro delegado: Luis Álvarez Pousa

Secretario: Fernando de Paz Villasenín

Vogais: Eduardo Alonso Rodríguez

Xulio Ríos Paredes / Xavier Vence Deza

Xerente: Fernando de Paz Villasenín



## 50 ANOS DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

1. O Instituto da Lingua Galega (ILG) creouse ó abeiro da Lei Xeral de Educación do 1970 (a Lei Villar Palasí, vixente ata 1990), que prevía na Educación Xeral Básica “o cultivo, no seu caso, da lingua nativa”, e ó abeiro dos Estatutos provisorios da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que prevían a creación de Institutos de investigación supradepartamentais.

Presidido polo Reitor Manuel García Garrido, o 26 de xullo do 1971 constituíuse o Padroado do ILG formado por membros da USC (o Decano da Facultade de Filosofía e Letras Ramón Otero Túdez, o Catedrático de Filoloxía Románica Constantino García González e o Catedrático de Filoloxía Latina Manuel C. Díaz y Díaz); e por representantes de organismos galegos (Xosé Filgueira Valverde polo Instituto Padre Sarmiento, Marino Dónega Rozas pola Real Academia Galega, J. Arias Díaz de Rábago pola Fundación Barrié, Ricardo Carballo Calero polo Centro de Estudos Fingoi e Xerardo Fernández Albor pola Fundación Penzol).

Nesa sesión aprobouse o proxecto de creación do ILG, que tería como primeira finalidade inmediata “o estudo, a promoción e o cultivo da lingua galega”; e propúxose como director a Constantino García, como subdirector a Díaz e como secretario a Carballo Calero, profesor interino de Lingua Galega, Literatura Galaico-Portuguesa Medieval e Literatura Galega Moderna. Ó aprobar a cátedra de Lingüística e Literatura Galega no 1972, Carballo foi nomeado subdirector do ILG e Díaz pasou a desempeñar as funcións de secretario.

Necesitábase un organismo que, ademais de investigación, fixese actividades de “extensión universitaria” que dificilmente daquela podían desenvolver as cátedras universitarias, ás que non lles era doado captaren recursos externos. A maior parte das actividades do ILG no ano de nacemento e nos posteriores foron

de “extensión universitaria”, nunha etapa en que foi moito máis ca un centro de investigación. A idea da súa creación partiu de Constantino García, fillo dun ferroviario socialista de Oviedo, que en febreiro do 1966 tomou posesión da cátedra de Filoloxía Románica da USC na que se ocupou de temas de lingüística galega, pero necesitaba recursos para desenvolver esas actividades e publicalas.

Na década de 1970 os ingresos do ILG reducíanse practicamente a unha xenerosa subvención da Fundación Barrié, que continuou ata a actualidade, e a subvencións modestas das fundacións Penzol de Vigo e Fingoi de Lugo; e posteriormente estableceu un convenio co CSIC para recoller no dominio galego material para o *Atlas Linguarum Europae* e para o *Atlas Lingüístico de España y Portugal*. Na década de 1980 e posteriores financiouse a través de convenios coa Xunta de Galicia, particularmente coa Dirección (logo Secretaría) Xeral de Política Lingüística; e hai uns anos estableceu convenios coa RAG para a redacción dunha gramática e dun dicionario de apelidos. Ademais, captou recursos acudindo a convocatorias públicas de proxectos.

2. A primeira acción do ILG, e unha das máis memorables, foi a redacción dun pioneiro método de lingua galega, con leccións progresivas, exercicios e vocabulario. O primeiro volume, *Gallego 1*, presentouse oficialmente o 14 de maio do 1971. Ese mes organizouse un ciclo de conferencias sobre cuestións de filoloxía galega e portuguesa no que participaron, entre outros, Luis F. Lindley Cintra e Manuel Rodrigues Lapa, que foi o inicio de colaboración do nacente ILG con institucións académicas portuguesas. Anos despois colaborará co Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e con universidades do Brasil.

Os redactores do método de galego (Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, baixo a dirección de Constantino García) tiñan como principio básico que a lingua literaria que se ía fixar debía basearse na lingua de uso, xa que distanciar innecesariamente unha da outra convertería o galego literario nun produto artificialoso, que implicaría dificultades engadidas e innecesarias para a aprendizaxe. Disentían nalgúns aspectos e en parte da filosofía das normas do folleto *Ortografía galega* que a RAG aprobara o 15 de febreiro do 1970. Verbo disto, no nº 86 d’*A Trabe de Ouro*, Santamarina dicía que as normas da Academia “non resolvían nin o 10% dos problemas ortográficos, nin tomaban en consideración a morfoloxía, nin a sintaxe nin o léxico”, polo que a disidencia do ILG, de habela, “hai que poñela na súa xusta medida porque na maioría dos puntos que había que codificar a Academia non se pronunciara”.

As notas da lectura dos textos iniciais do *Gallego 1* e as explicacións ortográficas e gramaticais estaban en castelán, mentres que no *Gallego 2* (1972) e *Gallego 3* (1974) só se usaba o galego, aínda que o título destes manuais estivese en castelán,

igual que orixinariamente o nome da institución, Instituto de la Lengua Gallega. A comezos do 1978 vendéranse uns 50.000 exemplares dun método co que se cubrira unha necesidade social moi sentida. Milleiros de galegos e galegas tiveron nestes manuais o seu primeiro *vademécum*, ben en cursos voluntarios fóra do sistema escolar, impartidos polo ILG ou por asociacións culturais; ben en cursos regrados, cando o galego era só unha materia extracurricular que se impartía nalgúns institutos despois de xestións do padroado do ILG perante o Ministerio e as inspeccións de EXB. A preocupación polo ensino do galego estivo sempre presente ata comezos da década de 1980: ocupouse da formación do profesorado de EXB, primeiro en colaboración co ICE da USC, e despois coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Na década de 1970 membros do Instituto asesoraron lingüisticamente publicacións de particulares ou de entidades públicas, entre as que salientan o quincenal infantil e xuvenil *Vagalume*, o semanario *Teima. Revista galega de información xeral* e a *Constitución Española* do 1978. Na década de 1980, persoas formadas no ILG foron tradutoras ou supervisoras lingüísticas da Xunta de Galicia e do Parlamento autonómico, da Radio Galega, da TVG e do Servizo de Normalización Lingüística da USC. Ademais, no 1984 creouse unha sección de Linguaxe Administrativa, despois dun acordo con 50 concellos e coa Consellería da Presidencia da Xunta, co obxectivo de elaborar un vocabulario de termos xurídicos, un formulario de procedemento administrativo xeral e un formulario de documentación municipal.

3. A preocupación do ILG pola depuración e unificación do galego escrito, observable no método de galego, levouno a coordinar uns seminarios, de decembro do 1976 a xuño do 1977, nos que participaron investigadores do propio Instituto, lingüistas, escritores e docentes galegos sensibilizados coa normalización do idioma. O resultado foron as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do idioma galego* (1977), un paso importante no proceso de estandarización (“documento conciliador”, en palabras de Carballo Calero).

O desencontro normativo entre o ILG e a RAG rematou ó se publicaren as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982), que no esencial son unha ampliación das devanditas *Bases*, con menos dobretes e grande aparato crítico, necesario daquela para razoar as solucións propostas. Esas dúas institucións e os departamentos de Filoxía Galega das tres universidades de Galicia participaron na reforma normativa do 2003 co que rematou a diverxencia entre ILG-RAG e a AS-PG. Todas estas reformas supuxeron unha mellora, porque socialmente ampliaron a base de adeptos. Foron cambios necesarios por razóns de convivencia lingüística.

O 15 de xuño do 1983 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Normalización Lingüística cunha disposición adicional pola que “Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”. O ILG, que ata o momento levara o peso fundamental na codificación do idioma, era relegado da función normativa. Aínda así, seguiu traballando na codificación léxica, en especial no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, coordinado por Manuel González e Antón Santamarina (o ILG e a RAG editárono provisoriamente no 1989, logo en papel no 2004, consultable na rede), que foi a base de case todos os dicionarios e vocabularios temáticos dos anos 80 e 90.

4. O ILG levou a dialectoloxía galega tradicional ó rango de calquera dialectoloxía románica. No 1962 Dámaso Alonso, excelente coñecedor da variedade galega de Asturias e do ancarés de León, queixábase do “increíble atraso de los estudios de lingüística gallega, esta lengua, en su estado moderno, es casi una incógnita, lo es desde luego su vocalismo: labor de años. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales”. Ese “labor de años” leva tempo feito, sobre todo grazas á recolleita do material do *Atlas Lingüístico Galego*, que realizaron Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González. Antes de comezar a editarse no 1990, o material do *Atlas* empregouse para codificar o galego nas propostas en que participou o ILG.

A lexicografía, particularmente a recolleita do léxico patrimonial, é unha liña que viña de antes da creación do ILG; de feito, a 3ª finalidade inmediata da acta fundacional era continuar (non iniciar) o rexistro lexicográfico “actualmente en realización” no Departamento de Filoloxía Románica. Boa parte dese material editouno Constantino García no *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985); e agora está dispoñible na rede, moi ampliado, no proxecto coordinado por Rosario Álvarez *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, do que unha das colaboradoras é Mª Álvarez de la Granja, especialista en lexicografía e fraseoloxía. Na rede pode consultarse o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), base de datos electrónica dirixida por Santamarina, na que se baldeizou material escrito, fundamentalmente literario, desde as Festas Minervais á actualidade. Santamarina é responsable da edición dixital do *Dicionario de dicionarios*, que contén tódalas obras clásicas da lexicografía galega.

A lingua medieval tamén é obxecto de estudo, pois o ILG conta con R. Lorenzo, o mellor filólogo medievalista galego, editor, entre outras, da *Crónica Troiana* (1985) e dos *Miragres de Santiago* (2004). Na rede figura o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), ficheiro electrónico dirixido por Xavier Varela con documentos literarios, históricos, relixiosos, xurídicos e técnicos; e tamén

*Gondomar*, arquivo dixital con textos do galego medio, dirixido por Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane. Sobre o galego medio investigara Ramón Mariño, que ten achegas á gramática histórica, igual que Eduardo Moscoso e M<sup>a</sup> Sol López Martínez.

Na Historia da lingua salientan os traballos de Carme Hermida sobre a situación do galego na etapa do Rexurdimento e os de Henrique Monteagudo sobre a situación do galego na etapa das Irmandades. Da onomástica ocúpase Anabel Boullón Agrelo que, xunto con Xulio Sousa, preparou a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, outro dos recursos dixitais do Instituto. No ILG hai anos que se está elaborando a que será a gramática da RAG na que traballan, entre outros, Rosario Álvarez e Xosé Xove (autores da *Gramática da Lingua Galega*, Galaxia 2002) e Francisco Cidrás, especialista en sintaxe.

5. No presente milenio o ILG pasou a ser fundamentalmente un centro de investigación, pero sen renunciar ó seu compromiso coa lingua propia de Galicia. Continúan as liñas de investigación clásicas, complementadas con outras sobre o cambio lingüístico no galego oral e a variación que investigan Francisco Dubert e Xulio Sousa, e igualmente Xosé Luís Regueira, responsable do CORILGA, proxecto de dixitalización do corpus oral, e autor do *Dicionario de pronuncia da lingua galega* (2010). Sobre esas liñas tamén traballa Elisa Fernández Rei, responsable para o galego do *Atlas Multimedia da Prosodia do Espazo Románico* (AMPER). Henrique Monteagudo coordina o proxecto *Variación e cambio no sistema lingüístico histórico galego-portugués* en parceria con universidades brasileiras.

Francisco Fernández Rei e Carme Hermida son responsables do *Arquivo do Galego Oral*, un banco de etnotextos co que se está a configurar unha especie de atlas temático da oralidade de todo o dominio lingüístico galego, en liña desde 2011. Antes editaran unha dialectoloxía con textos orais, *A nosa Fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996), consultable tamén na rede.

A produción científica do ILG publicouse inicialmente en *Verba* e anexos, despois tamén na Biblioteca Filolóxica Galega da Fundación Barrié. O Consello da Cultura Galega, que tivo a súa sede inicial no edificio do ILG, publica, desde o 2000, os resultados do simposio anual monográfico do Instituto, que desde o 2009 edita a revista dixital *Estudos de Lingüística Galega*. Todos os proxectos do ILG, coa relación de persoas que neles traballan (ou traballaron), así como as publicacións e recursos dixitais do Instituto poden consultarse na páxina web <https://ilg.usc.gal/gl>.

6. Nestes 50 anos a lingüística galega deixou de ser a incógnita da que se queixaba Dámaso Alonso, e non só en temas de vocalismo. Non toda a literatura científica

sobre o galego se fixo no ILG; pero é innegable que o seu papel foi fundamental no estudo do idioma, labor que lle recoñeceu a Fundación F.V.S. de Hamburgo co Premio Ossián 1982, que se concedía a institucións e persoas que traballaban a prol das linguas minorizadas.

Cando a *Société de Linguistique Romane* celebrou no 1989 o seu XIX congreso, decidiu facelo en Galicia, e encargoulle ó ILG a súa organización (R. Lorenzo foi secretario e responsable do Comité Organizador), o que implicaba un dobre recoñecemento. Nun momento en que os romanistas xa non consideraban que o galego era cousa de entusiastas locais, como se dicía no manual de Elcock do 1960 (nin tampouco unha lingua emerxente, a *would-be language* do manual de Posner do 1996), a *Société* recoñecía o esforzo dun pobo que reivindicou o seu idioma e reclamou a súa rehabilitación; e á vez, personificábase no ILG o recoñecemento ás institucións e persoas particulares que axudaran a poñela no aspecto científico ó nivel de calquera das linguas románicas irmás.

No que respecta á difusión internacional do idioma, no 1988 o ILG comezou a impartir os *Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros* (logo tamén *para españois de fóra de Galicia*), que uns anos despois organizaría en parcería coa RAG, sempre con axuda económica da SXPL da Xunta. No 1994, publicáronse as entradas do galego (e en galego, agás unha en alemán) do vol. VI.2 do *Lexikon der Romanistischen Linguistik LRL*. Entre os eventos internacionais que organizou o ILG cómpre salientar, no 1996, con motivo dos 25 anos da súa fundación, o congreso *A lingua galega. Historia e actualidade*; e no 2015, en parcería coas universidades brasileiras de São Paulo e Federal Fluminense, o *III Congreso Internacional de Linguística Histórica*, dedicado a R. Lorenzo e A. Santamarina. Nos últimos anos membros do ILG participan en congresos e redactan artigos en inglés para difundir a lingüística galega no nivel internacional.

7. A creación do ILG espertou reticencias nos círculos galeguistas da época polo feito de o seu director ser asturiano e por discrepar no método de galego dalgúns aspectos das normas ortográficas da RAG do 1970 que, como se dixo, non resolvían nin o 10% dos problemas ortográficos. O labor do ILG viuno con simpatía moita xente que, maioritariamente, calou, pero que apoiou as súas propostas nos anos de chumbo do debate sobre a normativa. Outra xente foi moi reticente, mesmo con críticas asañadas e prolongadas. No semanario nacionalista *A Nosa Terra*, durante anos, o ILG foi noticia, e non precisamente para ben.

No 50º aniversario da súa fundación, é un centro de investigación plenamente consolidado. A innovación e a busca de recursos fixo que concorrese ó Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas da Xunta de Galicia, en principio, orientado máis ben á creación de redes no eido da Ciencia e da



Tecnoloxía; con todo, do 2012 ó 2018, o ILG liderou a rede *Tecnoloxía e Análise de Datos Lingüísticos* (TECANDALI) para explotar os datos lingüísticos do Instituto, consonte as posibilidades das novas tecnoloxías. Da rede formaron parte grupos da USC e da Universidade de Vigo con perfil non filolóxico: persoas expertas en matemática, en estatística e en enxeñaría de telecomunicacións.

Ó optar o ILG a Grupo de Referencia Competitiva no 2021, avaliadores externos dixeron que se trata dun colectivo de “solidez incuestionable cunha excelente dotación de recursos humanos e técnicos. Os membros do grupo consolidaron mecanismos de xestión e organización moi axeitados ó ámbito diverso, pero coherente, das súas liñas de traballo. Posúe unha valiosa transferencia de resultados para a sociedade galega”.

Actualmente o ILG e o CiTIUS da USC forman parte do “Proxecto Nós”, encabezado pola Xunta de Galicia, que concorre ós fondos *Next Generation* para desenvolver tecnoloxías lingüísticas para o galego (asistentes de voz, tradutores e xestores de diálogo automáticos etc.). Nese proxecto o ILG mantén o espírito con que foi fundado e que presidiu toda a súa traxectoria (investigación lingüística ó servizo da lingua galega e de Galicia), desde o método de galego ás tecnoloxías lingüísticas. Quérese poñer o galego no século XXI, desenvolvendo recursos significativos para o prestixio e para a utilidade da lingua, contribuíndo á súa normalización social e ó desenvolvemento de Galicia.

Neste medio século de vida, o ILG contou coa axuda paciente e desinteresada de moita xente que doou as súas palabras (e a súa voz) nas pescudas; e tamén contou coa axuda de profesorado, de escritores e escritoras, de alumnado, de persoas bolseiras e contratadas e doutras persoas colaboradoras, de aquí e de acolá, que axudaron no satisfactorio labor de estudar e fotografar o verdadeiro rostro da nosa lingua, a que nos identifica, e na que nos recoñezamos todos os galegos e galegas.

\*\*\*\*\*

Darío Xohán Cabana é morto. O consello de redacción d'*A Trabe de Ouro*, do que el formou parte, chora o pasamento do compañeiro e do alto escritor cuxa partida deixa a Terra triste. O seu exemplo de vida vigorizará as xeracións vindeiras e a súa obra seguirá iluminando a Patria.